



DIOCESE TUI-VIGO

**CONSELLO DE PRESBITERIO**

# **Estatutos e Regulamento**



## INTRODUCCIÓN

**1.-** O Consello Presbiteral ten a súa orixe na reflexión teolóxica acerca do ministerio ordenado madurada no Concilio Vaticano II. En canto colaboradores da orde episcopal, os presbíteros participan do mesmo e único sacerdocio de Cristo (LG 28; PO 7).

Todos os sacerdotes da diocese constitúen unha “íntima fraternidade” (LG 28), “de orde sacramental” (PO 8), unha “familia que ten por pai ao bispo” (ChD, 28). A realidade contida nestas expresións é a seguinte: pola común ordenación e misión (LG, 28) existe entre os presbíteros un vínculo sacramental e un vínculo moral (caridade, oración e total colaboración) (PO, 8). O principio de unidade é o bispo, que goberna a Igrexa particular como vicario legado de Cristo (LG, 27) e asocia aos presbíteros á súa tarefa pastoral en calidade de colaboradores necesarios (PO, 7), que participan do mesmo sacerdocio e misión de Cristo, aínda que dun xeito subordinado, en unión xerárquica co bispo (LG, 28; PO, 7).

Todo o presbiterio, destinado a servir ao pobo de Deus, ten, na diversidade dos seus membros, un mesmo fin: a edificación do Corpo de Cristo (PO, 8), cooperando na misión pastoral do bispo de edificar a Igrexa particular en que vive e opera a Igrexa universal (ChD, 11).

**2.-** As primeiras normas que se deron despois do Concilio co fin de facilitar a constitución e posta en marcha do Consello de Presbiterio estaban contidas no Motu Proprio *Ecclesiae Sanctae* (6.VIII. 1966). A pesar do carácter máis ben xeral co que estaban redactadas, propio das fases iniciais, nestas normas destacaban algúns aspectos, como os seguintes: a) denominar por primeira vez ao novo organismo como *consilium presbiterale*; b) sinalar o seu carácter obrigatorio; c) delimitar as súas competencias de goberno; d) atribuírlle voto consultivo; e) establecer que cesaba ao iniciarse a sé vacante.

**3.-** Inmediatamente á publicación do Motu Proprio *Ecclesiae Sanctae*, o bispo de Tui-Vigo, **Fr. José López Ortiz**, o 7 de xaneiro de 1967 decreta a “Erección do Consello Presbiteral da Diocese de Tui-Vigo”, e “a fin de

proceder sen demora á constitución do Consello presbiteral”, convoca a elección dos membros do Consello o 15 de xaneiro de 1967. (cf. BOO 1967).

Case contemporaneamente, a Constitución Apostólica *Regimini Ecclesiae Universae* (15.VIII. 1967), atribuía á Congregación para o Clero a competencia sobre os Consellos Presbiterais e ese mesmo dicasterio iniciaba unha gran consulta ás conferencias episcopais. Os resultados deron lugar a algunhas orientacións normativas, dadas a coñecer na circular *Presbyteri sacra* (11.IV.1970). Esta circular aportaba dúas novidades fundamentais: por unha banda, a representación do Consello non se refería xa aos presbíteros, senón ao presbiterio mesmo e, por outra banda, prevíase a posibilidade do voto deliberativo.

**4.-** O II Consello Presbiteral da Diocese foi convocado por **D. José Delicado Baeza** o 29 de xaneiro de 1971 e publica o Regulamento coa seguinte introdución: “*Despois de consultar ao Clero da Diocese, e previo asesoramento dunha Comisión designada ao efecto, polas presentes establecemos este Regulamento que determina a natureza e fins, competencia, composición e funcionamento do II Consello Presbiteral da Diocese de Tui-Vigo*”. Cita o Motu Proprio *Ecclesiae Sanctae* e a Carta da Congregación para o Clero do 11-IV-1970 (BOO 1971).

Con motivo da “renovación de membros electivos representantes do Presbiterio”, o 24 de outubro de 1974, D. José Delicado Baeza convoca aos consellos electorais e introduce algunhas modificacións “que non alteran substancialmente o Regulamento”, como son o número de membros electivos, e modificación dos colexios electorais (BOO 1974).

**5.-** Cinco anos máis tarde, **D. José Cerviño**, aproveitando a renovación do Consello Presbiteral, recorre a unha fórmula xa introducida en varios Consellos Presbiterais de España: “facer coincidir nunha mesma persoa o cargo de Arcipreste e o de membro do Consello, en representación do clero do propio Arciprestado” (BOO 1979).

Esta mesma fórmula recordaraa na renovación do Consello Presbiteral en xuño de 1983, publica algunhas modificacións introducidas no regulamento (BOO 1983) e anuncia posibles cambios acomodándose á nova normativa canónica e ás orientacións da Conferencia Episcopal Española. E

así en Decreto do 30 de marzo de 1984 modifica o Regulamento no apdo. C) do artigo 17, que quedou redactado así: “O bispo resérvase a designación dalgúns membros, cuxo número sumado ao de membros natos, non excederá o cincuenta por cento dos membros do Consello Presbiteral” (BOO 1984).

As últimas intervencións de D. José Cerviño refírense a uns novos Estatutos (BOO 1987), a Renovación do Consello Presbiteral o 15 de decembro de 1991 (BOO 1992), e a inclusión, mediante decreto, entre os membros natos do Ecónomo diocesano (BOO 1992).

**6.-** Durante o pontificado de **D. José Diéguez** renovouse tres veces o Consello de Presbiterio: o 16 de outubro de 1996 (BOO 1996), o 16 de febreiro de 2001 (BOO 2001) e o 19 de maio de 2006 (BOO 2006). En todas estas convocatorias procedeuse seguindo a normativa vixente do CIC (cc 495-502), e polos Estatutos aprobados para esta Diocese o ano 1987.

**7.-** Pola súa banda **D. Luís Quinteiro Fiuza** reformou os estatutos do Consello por medio de Decreto promulgado o 19 de marzo de 2011, desvinculando a figura do arcipreste da do representante no Consello de Presbiterio. E renovou por dúas veces, ata a data, o Consello de Presbiterio: o 4 de maio de 2011 tivo lugar a Asemblea Constitutiva do XI Consello de Presbiterio, e o 9 de decembro do ano 2015 a do XII Consello de Presbiterio.



# Consello de Presbiterio

# Estatutos<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> “Estatutos en sentido propio son as normas que se establecen a tenor do dereito nas corporacións ou nas fundacións, polas que se determinan o seu fin, constitución, réxime e formas de actuar” (cf. c. 94,1).

## PROEMIO

"Os presbíteros, como sinceros colaboradores da Orde Episcopal, como axuda e instrumento seu, chamados para servir ao pobo de Deus, constitúen co seu Bispo un presbiterio dedicado a tarefas diversas" (LG 28).

- ✓ O Consello Presbiteral é unha forma de manifestar institucionalmente a fraternidade e corresponsabilidade de todos os Sacerdotes Diocesanos.
- ✓ Reflicte a variedade de servizos, situacións pastorais e sensibilidades dos Sacerdotes do Presbiterio.
- ✓ Pon de manifesto a mutua complementariedade no servizo á misión da única Igrexa co Bispo, principio e fundamento visible da unidade na Diocese.

Esta comunión e corresponsabilidade, de carácter eclesial e sacramental, recíbena os presbíteros mediante a participación do mesmo e único sacerdocio de Xesucristo e da misión Universal da Igrexa. (cf. PO 7).

Os presentes Estatutos e Regulamento foron elaborados tomando como base a actual lexislación canónica (cf. c. 496 e c. 95) e o regulamento que estaba en vigor ata a aprobación e publicación do que agora se presenta.

## Capítulo 1: NATUREZA

**Art. 1.** A natureza, competencias e finalidade do Consello Presbiteral poden articularse en torno ás notas características do mesmo consello, delineadas no c. 495 § 1: “En cada diocese debe constituírse o Consello Presbiteral, é dicir, un grupo de sacerdotes que sexa como o senado do Bispo (*coetus sacerdotum tamquam senatus episcopi*), en representación do presbiterio (*presbyterium repraesentans*), cuxa misión é axudar ao Bispo no goberno da diocese (*suis consiliis in regimine dioecesis adiuvaré*) conforme á

norma do dereito, para prover o máis posible ao ben pastoral da porción do pobo de Deus que se lle encomendou”.

**Art. 2.** Só poden ser membros do Consello de Presbiterio os sacerdotes. “*Coetus sacerdotum*” é a expresión coa que o Código establece o título necesario para poder ser membro do Consello Presbiteral. Trátase dun organismo enmarcado no ámbito da corresponsabilidade daqueles que exercitan o ministerio sacro “*in persona Christi capitis*”. Só os sacerdotes poden formar parte do mesmo, non así os diáconos ou os fieis non ordenados.

**Art. 3.** O presbiterio é unha realidade máis ampla e profunda que o Consello Presbiteral, tanto teolóxica como xuridicamente. Este é un órgano de natureza organizativa para colaborar no goberno da diocese.

**Art. 4.** O Consello Presbiteral, se ha de ser dinámico e eficiente, debe estar articulado en agrupacións pastorais, xa sexan territoriais (arciprestados), ou funcionais (os que se ocupan dun campo específico do ministerio pastoral).

## Capítulo 2: FINALIDADE DO CONSELLO PRESBITERAL

**Art. 5:** O Consello Presbiteral é como o senado do bispo (*tamquam senatus Episcopi*). É expresión da comunión xerárquica dos presbíteros co bispo, e forma institucionalizada da súa corresponsabilidade ministerial na Igrexa diocesana.

**Art. 6:** A expresión “*senatus episcopi*” quere dicir

- que o Consello Presbiteral ha de estar ao servizo do Bispo; non existe sen o Bispo que é cabeza; nada pode facer nin dispoñer sen o Bispo;
- que é misión do Consello Presbiteral axudar ao Bispo no goberno da diocese (*suis consiliis in regimine dioecesis adiuvere*);
- que é canle representativa para que o Bispo escoite aos seus sacerdotes, consúlteos e trate con eles sobre as cousas referentes ás necesidades do traballo pastoral e ao ben da diocese.

### Capítulo 3: COMPETENCIAS DO BISPO NO CONSELLO PRESBITERAL

**Art. 7.** O Bispo ten como tarefas propias e exclusivas:

- Convocar o Consello
- Presidilo
- Establecer a orde do día, oída a comisión permanente
- Coidar de que se faga público o que se teña establecido (cf c. 500).
- Aprobar os seus estatutos.

**Art. 8.** O Bispo debe escoitar o parecer do Consello nos seguintes casos:

- Convocar o sínodo diocesano (c. 416).
- Erixir, suprimir ou cambiar as parroquias (c. 515, 2).
- A retribución dos clérigos que realizan determinado actos ministeriais (c. 531).
- Constituír o Consello pastoral parroquial (c. 536, 1).
- Edificar unha nova igrexa (c. 1215, 2).
- Destinar unha igrexa a un uso profano (c. 1222, 2).
- Impoñer un tributo moderado ás persoas xurídicas suxeitas á súa xurisdición (c. 1263).
- Crear un grupo de párrocos para oír a súa opinión antes da remoción dun párroco (cc 1742, 1; 1745, 2; 1750).

### Capítulo 4: CARÁCTER DO CONSELLO PRESBITERAL

**Art. 9.** O Consello Presbiteral ten carácter representativo (*presbyterium repraesentans*).

**Art. 10.** Son os sacerdotes os que deben ser representados, segundo unha forma de elección que, na medida do posible, teña presentes os distintos ministerios e as diversas zonas da diocese (cf c. 499).

**Art. 11.** Esta función representativa presupón unhas canles de diálogo entre os mesmos sacerdotes a fin de poder exercer eficazmente esta representación.

**Art. 12.** O Consello Presbiteral leva ante o Bispo a representación do presbiterio para o goberno da diocese, sen substituír ao Bispo nin a quen participan da súa potestade. Por iso, o Consello non goberna senón que asesora e aconsella ao Bispo.

**Art. 13.** Non son intereses persoais ou de grupo os que moven este tipo de representación, senón unha necesidade de tipo eclesial. De feito, o triplo criterio de designación dos membros do Consello Presbiteral, a saber, membros elixidos polo presbiterio, membros *ex officio* e membros nomeados polo Bispo (c. 497), responde á necesidade de facer operativa dita representatividade.

## **Capítulo 5: COMPETENCIA DO CONSELLO PRESBITERAL**

**Art. 14.** O c. 500, 2, establece que “o Consello Presbiteral ten só voto consultivo (*consilium presbyterale gaudet voto tantum consultivo*)”.

**Art. 15.** Aínda que a competencia do Consello Presbiteral é só consultiva, as súas deliberacións e consellos terán, como é de prever, toda a eficacia moral que supón a corresponsabilidade que implica todo o presbiterio co Bispo.



Consello de Presbiterio

# Regulamento<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Por regulamento enténdense as regras ou normas que concretan ou desenvolven os estatutos, regulando os detalles do procedemento que ha de seguirse nos actos colectivos de toma de decisións. Obrigan a todos os que participan neses eventos. Danse de acordo cos estatutos (cf. c. 95).

**Capítulo I**  
**COMPOSICIÓN E ESTRUTURA**

<i>Clases de membros do Consello.</i>	<b>Art. 1.</b> Integran o Consello Presbiteral tres clases de membros: natos, electivos e de libre designación episcopal (c. 497).
<i>Membros natos.</i>	<b>Art. 2.</b> Son membros natos do Consello Presbiteral: a) O Vigairo Xeral b) Os Vigairos Episcopais c) O formador diocesano no Seminario Interdiocesano d) O Director do Centro de Estudos Teolóxicos e) O Presidente do Cabido Catedral f) Os Delegados Episcopais g) O Ecónomo Diocesano, se fose sacerdote. h) O Director diocesano de OMP, se fose sacerdote (cf. Inst. <i>Cooperatio Missionalis</i> nº 9). i) No caso de que algunha Delegación episcopal non estivera presidida por un presbítero, esa área pastoral estaría representada no Consello por un sacerdote vinculado á respectiva Delegación.
<i>Membros electivos: Dereito activo e pasivo de elección.</i>	<b>Art. 3.</b> Teñen dereito de elección, tanto activo como pasivo: a) Todos os sacerdotes seculares incardinados na diocese. b) Aqueles sacerdotes seculares non incardinados na diocese, así como os sacerdotes membros dun instituto relixioso ou dunha sociedade de vida apostólica, que residan na diocese e exerzan algún oficio en ben da mesma, confiado polo Bispo diocesano ou polo seu propio Ordinario, cando esa misión eclesial sexa recoñecida polo Bispo diocesano. c) Outros sacerdotes que residan lexitimamente na diocese con licenza do seu Ordinario propio e con autorización do Bispo diocesano (c. 498, e <i>Decreto da Conferencia Episcopal</i> xa citado, art. 3).
<i>Membros electivos do Consello.</i>	<b>Art. 4.</b> Integranse no Consello Presbiteral como <i>membros electivos</i> do mesmo: a) Un representante de cada un dos arciprestados da diocese. b) Un representante dos sacerdotes que residen na Casa Sacerdotal e non teñen cargo pastoral. c) Un representante dos outros sacerdotes diocesanos sen cargo parroquial e sen vinculación a un arciprestado.

	<p>d) Un representante dos Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica.</p> <p>e) Un representante da Prelatura.</p> <p>Non poderán votar nin ser votados nos grupos <b>d, e</b>, os relixiosos e membros de sociedades de vida apostólica e das prelaturas persoais que exercen como párrocos ou vigairos parroquiais.</p>
<p><i>Normativa das eleccións.</i></p>	<p><b>Art. 5.</b> O que preside as eleccións convocará aos electores para elixir ao representante e ao seu substituto, sinalando: lugar, día e hora da primeira e segunda convocatoria.</p> <p>Corresponde convocar:</p> <p>a) O arcepreste aos sacerdotes do seu arciprestado (art. 4.a).</p> <p>b) O vigairo xeral aos sacerdotes diocesanos pertencentes aos grupos non parroquiais (art. 4 b, c).</p> <p>c) O delegado episcopal para a vida consagrada ao clero relixioso sen cargo parroquial (art. 4.d).</p> <p>d) O responsable diocesano da Prelatura aos sacerdotes ao seu cargo (art. 4.e).</p> <p><b>Art. 6.</b> O día das eleccións constituirase a mesa electoral, formada polo presidente (o arcepreste ou responsable) e por un secretario que se designa nese momento.</p> <p><b>Art. 7.</b> Os que non poidan acudir persoalmente á elección deben avisar ao presidente, e poderán enviar o seu voto escrito en sobre pechado.</p> <p>A tal efecto, introducirán tres papeletas en tres sobres pechados e numerados con 1ª, 2ª e 3ª votación, para o representante titular, e igualmente en outros tres sobres para o representante substituto.</p> <p><b>Art. 8.</b> Chegada a hora sinalada, e achándose presente a maioría dos que foron convocados, procederase á elección.</p> <p>Se na primeira convocatoria non houbera unha maioría de electores na segunda convocatoria os electores presentes procederán a votar ao seu representante.</p> <p><b>Art. 9.</b> Concluída a elección e o escrutinio levantarase unha acta do Titular e outra do Substituto, ambas subscritas polo presidente da mesa e polo secretario.</p> <p>As actas deberán ser entregadas ou enviadas á Vigairía Xeral antes da data sinalada.</p>

<p><i>Elección do conselleiro titular.</i></p>	<p><b>Art. 10.</b> Nas eleccións de membros do Consello Presbiteral designarase en primeiro lugar ao conselleiro titular que haberá de representar ao grupo.</p> <p>Será elixido aquel que obteña a maioría absoluta en primeira ou segunda votación.</p> <p>Despois de dous escrutinios ineficaces farase a votación sobre os dous candidatos que obteñan maior número de votos, ou se son máis, sobre os dous de máis idade. Nesta votación bastará a maioría relativa.</p> <p>Se no terceiro escrutinio persiste o empate, queda elixido o de máis idade. (Cfr. c. 119)</p> <p>Só se poderá ser reelixido, dentro do mesmo grupo pastoral, por un novo período consecutivo.</p>
<p><i>Elección do conselleiro substituto; atribucións do mesmo.</i></p>	<p><b>Art. 11.</b> Elixido o conselleiro titular, procederase inmediatamente, en acto distinto dentro da mesma sesión, á elección de conselleiro substituto; a súa misión é representar ante o Pleno ao seu grupo pastoral cando, por causa xustificada, non puidese facelo o conselleiro titular.</p>
<p><i>Nova elección de conselleiro titular.</i></p>	<p><b>Art. 12.</b> En caso de cese do conselleiro titular por falecemento, cambio de grupo pastoral ou outro motivo, haberá de procederse a unha nova elección.</p>
<p><i>Membros de libre designación episcopal.</i></p>	<p><b>Art. 13.</b> O Bispo resérvase a designación dalgúns membros, se o estima conveniente.</p> <p>En todo caso, o número total de membros nomeados polo Bispo e de membros natos non excederá o cincuenta por cento dos membros do Consello Presbiteral (c. 497, 3º, e <i>Decreto da Conferencia Episcopal</i>, art. 3 § 1, 3).</p>
<p><i>Duración dos membros do Consello.</i></p>	<p><b>Art. 14.</b> Os membros natos permanecerán no Consello mentres desempeñen o cargo polo que o son, e serán substituídos ao cesar no mesmo, por quen pasen a desempeñalo.</p> <p>Os membros elixidos e de libre designación episcopal permanecerán no Consello por un tempo de <i>catro anos</i>, a non ser que os primeiros cambien do grupo ao que representan.</p>
<p><i>Estrutura do Consello.</i></p>	<p><b>Art. 15.</b> A estrutura do Consello Presbiteral está formada por:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) O Pleno ou Asemblea Plenaria</li> <li>b) A Comisión Permanente</li> </ul>

	c) A Secretaría
<i>O Pleno.</i>	<b>Art. 16.</b> O Pleno ou Asemblea Plenaria do Consello Presbiteral está integrado por todos os membros do mesmo.
Comisión Permanente <i>Composición.</i>	<b>Art. 17.</b> A Comisión Permanente está integrada polo Vigairo Xeral, polo secretario do Consello, que fará a súa vez de secretario, e por catro membros elixidos polo Pleno entre todos os que integran o Consello. Nesta Comisión deberá estar representado o clero parroquial.
<i>Atribucións.</i>	<b>Art. 18.</b> Corresponde á Comisión Permanente: a) Recibir dos sacerdotes suxestións e iniciativas que afecten aos traballos do Consello. b) Asesorar ao Bispo no establecemento da orde do día de cada sesión. c) Asesorar ao Bispo, cando pida consello, en asuntos graves e urxentes que non permitan a convocatoria do Pleno. d) Revisar os acordos tomados nas asembleas plenarias. e) Designar, no caso de que non o teña feito a Asemblea Plenaria, os poñentes que vaian presentar os temas e propoñer ao Pleno os moderadores das sesións. f) Responsabilizarse dos actos litúrxicos que se celebren nas sesións do Consello.
A Secretaría: <i>O Secretario: nomeamento</i>	<b>Art. 19.</b> A Secretaría estará atendida polo Secretario que será elixido polo Pleno do Consello de entre os membros do mesmo ou de todo o Presbiterio diocesano. Se non pertencía ao Consello pasará a integrarse nel e na Comisión Permanente.
<i>Atribucións do Secretario.</i>	<b>Art. 20.</b> Corresponde ao Secretario: a) Cursar as citacións para as sesións do Consello. b) Enviar aos membros do Consello a orde do día e a documentación correspondente. c) Levantar acta de todas as sesións, tanto do Pleno como da Comisión Permanente, e archivar ordenadamente os documentos. d) Estimular e coordinar os encargos persoais ou de comisións, a tenor dos acordos tomados e coidar en xeral os preparativos e boa orde das sesións.

<i>Duración no cargo.</i>	<b>Art. 21.</b> O mandato do Secretario dura un cuatrienio. Só poderá ser reelixido por un novo período consecutivo.
---------------------------	--

<b>Capítulo II</b> <b>FORMA DE ACTUAR</b>
--

<i>Reunións ordinarias do Pleno.</i>	<b>Art. 22.</b> Celebraranse durante o ano tres reunións ordinarias da Asemblea plenaria do Consello.
<i>Reunións extraordinarias.</i>	<b>Art. 23.</b> Poderán celebrarse reunións extraordinarias cando, aprobándoo o Bispo, se estime oportuno.
<i>Reunións da Permanente.</i>	<b>Art. 24.</b> A Comisión Permanente deberá reunirse previamente ás asembleas plenarias para preparar a súa celebración. Reunirase, ademais, sempre que a convoque o Bispo por outros motivos.
<i>Convocatoria de asembleas plenarias.</i>	<p><b>Art. 25.</b> A convocatoria das Asembleas plenarias ordinarias farase a través da Secretaría do Consello a cada membro do mesmo, cun mes de antelación, incluíndo a orde do día e a documentación necesaria para o estudo dos temas.</p> <p>Unha vez feita a convocatoria, non se incluírá ningún asunto máis, a non ser que, pola súa importancia ou urxencia, o estime conveniente o Bispo.</p> <p>Con anterioridade á convocatoria pódense suxerir os temas que os grupos estimen conveniente, que haberán de someterse á aprobación pertinente, para ser estudados nas Asembleas plenarias.</p>
<i>Presidencia das reunións.</i>	<b>Art. 26.</b> Calquera sesión que se convoque, sexa do Pleno ou da Comisión Permanente, será presidida polo Bispo, ou, na súa ausencia, polo Vigairo Xeral ou un Delegado.
<i>Asistencia requirida para a celebración de reunións.</i>	<b>Art. 27.</b> Para a válida celebración de reunións, do Pleno ou da Comisión Permanente, requírese a asistencia da maioría dos seus compoñentes.
<i>Dereito e deber de asistencia;</i>	<b>Art. 28.</b> É un dereito e un deber dos conselleiros a asistencia ás reunións.

<p><i>xustificación de ausencias.</i></p>	<p>As ausencias haberán de xustificarse, por escrito, ante o Presidente, a través do Secretario do Consello.</p> <p>Os conselleiros electivos, se por causa lexítima non poden asistir, avisarán ao substituto, con tempo suficiente.</p> <p>Ao comezo das Asembleas plenarias o Secretario fará saber aos seus compoñentes as ausencias e substitucións, se as houber.</p>
<p><i>Cese por non asistencia.</i></p>	<p><b>Art. 29.</b> A falta a tres sesións completas por parte do conselleiro titular, sen xustificación a xuízo da Comisión Permanente, trae consigo a perda da condición de membro do Consello, debendo procederse a nova elección.</p>
<p><i>Estudo por parte dos conselleiros e reflexión cos seus representados; información ao Pleno.</i></p>	<p><b>Art. 30.</b> Os conselleiros deberán estudar persoalmente os temas propostos e someteranos a reflexión común no grupo pastoral que representan dentro do Consello.</p> <p>Neste, máis que dunha opinión particular, deben ser portavoces dos seus representados, sen que iso impida a posibilidade de manifestar as súas opinións persoais nas deliberacións do Consello e de tomar as decisións que en conciencia crean prudentes en cada caso.</p> <p>Por iso han de poñer un gran interese na preparación das reunións, adestrándose na práctica do diálogo e nas técnicas de discusión en grupo, sen as que minguaría a eficacia das sesións do Consello.</p>
<p><i>Celebracións litúrxicas nas asembleas plenarias.</i></p>	<p><b>Art. 31.</b> En cada sesión plenaria terase algunha celebración litúrxica que una aos conselleiros <i>in Spiritu</i> co Bispo, pedindo a Deus axuda e inspiración para o traballo.</p>
<p><i>Temas de estudo.</i></p>	<p><b>Art. 32.</b> Os temas obxecto de estudo poderán ser presentados por un relator ou poñente na sesión do Pleno, ou poderán ser enviados con antelación aos representantes, en forma de documento, para que o traballen nos seus respectivos grupos.</p>
<p><i>Metodoloxía da sesión de traballo.</i></p>	<p><b>Art. 33.</b> Unha vez feita a exposición ou presentado o asunto sobre o que se ha de deliberar, intervirán, en primeiro lugar, os que sexan portadores das conclusións ou opinións dos grupos que representan.</p> <p>Procurarán facelo lendo un breve resumo escrito, que deberán entregar para que quede constancia.</p> <p>Despois intervirán os demais, do mesmo xeito.</p>

	<p>Finalmente abrírase o debate para que poidan intervir todos os que o desexen, logo de solicitar o uso da palabra.</p> <p>A discusión cinguirase en todo momento ao obxecto proposto e haberá de seguirse unha orde, que sinalará o Moderador, para que sexa positiva e construtiva.</p>
<i>Opinión dos conselleiros.</i>	<p><b>Art. 34.</b> Os elixidos polos grupos, aínda que normalmente han consultar aos seus representados o tratamento dos temas que figuran na orde do día, emiten o seu voto baixo a propia responsabilidade e non como meros portavoces dos seus electores (<i>Decreto da Conferencia Episcopal</i>, art. 3 § 3).</p> <p><b>Art. 35.</b> Haberase de distinguir entre: o que é opinión particular, o que ten un forte apoio de todo o Presbiterio e aquelas precisións ás que se chegue no seo do Consello.</p> <p>En todos estes traballos procurárase chegar a proposicións concretas e a conclusións prácticas, cando os asuntos o esixan.</p>
<i>Votacións.</i>	<p><b>Art. 36.</b> Para recoller o parecer do Consello -despois do estudo e diálogo convenientes en cada caso- o Presidente poderá solicitar que se proceda a unha votación.</p>
<i>Un único voto.</i>	<p><b>Art. 37.</b> Ninguén terá máis que un voto, aínda que pertenza ao Consello por máis dun título. (<i>Decreto da Conferencia Episcopal</i>, art. 3 § 2. 2).</p>
<i>Votación secreta.</i>	<p><b>Art. 38.</b> A votación será secreta se a índole do asunto, a xuízo do Presidente, así o require, ou así o determina el ou o pide calquera conselleiro.</p>
<i>Normativa nas votacións.</i>	<p><b>Art. 39.</b> Na elección de persoas e para asuntos de procedemento seguiranse as normas do Código de Dereito Canónico (c. 119, 1º y 2º).</p> <p>A aprobación de proposicións require a maioría de dous terzos dos asistentes.</p> <p><b>Art. 40.</b> Os votos das proposicións expresaranse por SI, NON, IUXTA MODUM, EN BRANCO.</p> <p>Nas votacións o IUXTA MODUM compútase a favor da proposta e, por escrito recóllese o modo formulado para esclarecer o sentido da votación. Nas votacións decisorias votarase: SI, NON, EN BRANCO.</p>
<i>Publicación de acordos.</i>	<p><b>Art. 41.</b> É competencia exclusiva do Bispo determinar o modo de publicación e divulgación do tratado nas sesións do</p>

	<p>Consello, que será normalmente a inserción no Boletín Oficial do Bispado dun extracto do acta da reunión ou unha crónica da mesma.</p> <p>En todo caso, os conselleiros deberán informar aos seus representados do tratado nas Asembleas.</p>
--	--

### Capítulo III

#### ORGANISMOS VINCULADOS CO CONSELLO PRESBITERAL

<i>Colexio de Consultores.</i>	<b>Art. 42.</b> O Colexio de Consultores, integrado por membros do Consello Presbiteral, réxese polas normas do canon 502, concretadas -polo que se refire a esta diocese- no decreto ditado o 27 de decembro de 1984.
<i>Grupo de párrocos “consultores”.</i>	<b>Art. 43.</b> O Bispo propoñerá ao Pleno do Consello Presbiteral unha lista de párrocos, que non deben ser necesariamente membros do Consello, para a constitución do grupo de párrocos consultores, ao que se refire o c. 1742 do Código de Dereito Canónico.

### Capítulo IV

#### RENOVACIÓN, CESE E DISOLUCIÓN DO CONSELLO

<i>Renovación.</i>	<b>Art. 44.</b> O Consello renovarase cada catro anos.
<i>Cese.</i>	<b>Art. 45.</b> Ao quedar vacante a sé episcopal cesa o Consello e cumpre as súas funcións o Colexio de Consultores (c. 501. 2).
<i>Disolución.</i>	<b>Art. 46.</b> Se o Consello Presbiteral deixase de cumprir a súa función en ben da diocese ou abusase gravemente dela, o Bispo, despois de consultar ao Metropolitano, pode disolvelo (c. 501. 3).